

II Certame de Novos Talentos Artísticos – “O Talentiño ”

Co gallo de promocionar á xente nova artista da cidade e comarca de Ferrol, o Concello de Ferrol organiza o II Certame de xoves promesas “O Talentiño ” dacordo coas seguintes Bases.

1. PARTICIPANTES

Poderán presentarse ao certame aqueles/as rapaces e rapazas con idades **entre 12 e 18 anos** ambas as dúas idades incluídas (en diante, os/as participantes) que **residan, estuden ou cursen actividades artísticas na comarca de Ferrol** e realicen actividades artísticas. **No caso de grupos a metade dos/das integrantes deberán residir, estudar ou cursar actividades artísticas na comarca de Ferrol.**

Os/as participantes deberán contar coa autorización asinada polos seus pais/nais e/ou titores legais dando consentimento expreso a autorizalos/as a participar no certame así coma á divulgación de fotografías, imaxes e vídeos. A autorización deberá ir acompañada por fotocopia do DNI ou documento de identificación correspondente dos/das representantes legais da persoa menor de idade. (ANEXO I).

2. CATEGORÍAS

Establécense 5 categorías de participación:

- **Categoría A: Vocalistas**
- **Categoría B: Instrumentistas**
- **Categoría C: Danza Lírica**
- **Categoría D: Danza Urbana**
- **Categoría E: Variedades.** Entendendo por tales, artes artísticas como poden ser: Maxia, Monólogos, Artes escénicas ou performances...

Dentro de cada categoría poderase participar en formato solista ou individual:

- Solistas:

Os/as participantes que canten, bailen, toquen instrumentos ou realicen algunha actividade artística de xeito individual. No caso de non cantar a capela, ou precisar unha base musical, deberán eles proporcionar á organización a devandita base musical. Nos casos das categorías vocalistas e instrumentistas, en ningún caso admitirase cantar ou tocar en **autoplay**. A base musical empregada facilitada á organización será en todo caso de acompañamento.

- Grupos:

Grupos de xoves entre 2 e 6 participantes, que canten, bailen, toquen instrumentos ou realicen algunha actividade artística. No caso de non cantar a capela, ou precisar unha base musical, deberán eles proporcionar á organización a devandita base musical. Nos casos das categorías vocalistas e instrumentistas, en ningún caso admitirase cantar ou tocar en **autoplay**. A base musical empregada facilitada á organización será en todo caso de acompañamento.

3.- SOLICITUDES E PRAZO

Os/as participantes enviarán mediante unha mensaxe de correo electrónico á dirección info@otalentiño.es un vídeo cantando / tocando / bailando e achegarán escaneado e asinado o anexo I das presentes Bases, xunto con tantos anexos de autorización (Anexo II) coma rapaces e rapazas participen.

O correo electrónico deberá conter o seguinte:

1. Asunto: Participación no Talentiño
2. Anexos I, Anexo II. **No caso de tratarse dun grupo, só se enviará unha vez o anexo I. Sen embargo, enviarase unha autorización (Anexo II) por cada xove que participe/forme parte do grupo. Os documentos poden enviarse escaneados ou fotografiados.**
3. DNIs de pais/nais ou titores que autorizan (fotografiado ou escaneado)
4. Vídeo: subirase a youtube ou outras plataformas semellantes e enviarase o enlace.

As solicitudes deberán enviarse a partir da publicación na web oficial do certame (<http://otalentiño.es>) das presentes bases e **antes do 30 de abril ás 23:59**

4.- CONTIDO DO VÍDEO

Non se aceptarán vídeos con marcas de auga ou outro tipo de indicacións sobreimpresas.

Non se permitirán vídeos que atenten ou vulneren os dereitos recollidos pola Constitución Española, así como outras leis ou que supoñan referencias ofensivas de ideas políticas, relixiosas ou de natureza análoga.

Non se aceptarán vídeos nos que aparezan menores en situacións inadecuadas.

A organización de **“O Talentiño ”** (en adiante, a Organización) non se fará responsable do contido dos vídeos que firan sensibilidades doutros participantes ou terceiros.

A organización non se fará responsable das posibles perdas de datos por problemas no correo electrónico e/ou polo mal funcionamento do mesmo.

As persoas participantes comprometeranse a respectar a normativa aplicable sobre dereitos de propiedade intelectual.

Os participantes aceptan asumir as indemnizacións que puideran derivarse pola presentación de calquera reclamación de terceiros polo contido do vídeo que infrinxa a normativa correspondente.

A organización resérvase o dereito a comprobar a veracidade dos traballos dos finalistas.

Ao participar no concurso os/as participantes xunto con nais e pais, mediante a inscrición formal, ceden á organización os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas, dacordo coa lexislación sobre Propiedade Intelectual.

5.- SELECCIÓN

Entre os vídeos recibidos, o xurado xunto coa organización escollerán un número reducido de propostas que pasarán a ser semifinalistas e participarán na final do festival do Concurso **“O Talentiño ”** que se celebrará o **11/05/2024 no Centro Cultural Torrente Ballester**

Se por causas de forza maior ou axeas ao control da organización fora preciso aprazar ou modificar a data e duración do festival, ou inclusive anulalo ou repetilo, este feito notificarase aos participantes a través da mesma dirección de correo electrónico que se usou para enviar o vídeo, sen que sexa posible reclamación algunha sobre este extremo.

6.- XURADO

O xurado estará conformado da seguinte maneira:

- D.ª Lucía Pérez Vizcaíno (Cantante eurovisiva)
- D.ª Eva Faraldo Pereira (Mestra de Música e Danza)
- D. Xabier Pérez Vizcaíno (Cantautor e compositor)

- D. Joaquín Enríquez Díaz (Músico - Presidente da Asoc. de Acordeonistas de Canido e Profesor Universitario ferrolán)

No caso de que algún ou algunha integrante do xurado non poida acudir á final do día 11 de Maio a celebrar no Centro Cultural Torrente Ballester, actuará como xurado un/unha profesional cunha traxectoria e prestixio semellantes á persoa que substitúa titular do xurado.

A resolución do xurado será incuestionable e inapelable.

A participación no concurso comporta a aceptación expresa destas Bases. Coa aceptación das Bases autorízase á organización a ceder a terceiros, tales como medios de comunicación, fotografías e/ou vídeos ou calquera outro material gráfico das persoas gañadoras, así como publicalas na web do propio certame, nun **Catálogo Web de Xoves Músic(a)s de Ferrol** ou en calquera outra publicación divulgativa do certame, sen que supoña ningún dereito de re remuneración ou beneficio algún.

A organización resérvase os dereitos a realizar fotografías e vídeos do acto "O Talentiño" e a publicalas sen custo a través das diferentes canles de comunicación do certame ou medios de comunicación co fin de difusión do certame.

A participación no Concurso supón a aceptación das normas das redes sociais e webs nas que se difunden todos os materiais cedidos.

A organización resérvase o dereito a non entregar o premio a calquera que trate ou chegue a defraudar, alterar ou inutilizar o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario do concurso.

7.- PREMIOS

- a) Todas as persoas participantes seleccionadas para participar no festival "O Talentiño " recibirán un diploma ou agasallo pola súa participación.
- b) Os primeiros premios de cada categoría recibirán un agasallo consistente nun vale de 200€ para gastar en comercios locais.
- c) O premio poderá quedar deserto se o xurado así o estima.
- d) A xuventude participante que determine o xurado pola súa calidade ou características da súa obra pasará a formar parte dun **Catálogo web de xoves artistas de Ferrol**

8. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

A lei aplicable ao presente Concurso será a Española.

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia en canto á interpretación ou aplicación das Bases, tanto a Organización e os Participantes no concurso sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de FERROL, con renuncia expresa ao foro que puidera corresponderlles.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informamos de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da produción do talentiño.

As persoas candidatas deben, momento polo feito de presentar a súa candidatura, consintir: a captación e difusión de imaxes.

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de 6 anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderanse mediante solicitude ao enderezo electrónico: info@otalentiño.es

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes Bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización. A organización resérvase o dereito a descartar a participantes que incumpran as Bases e, especialmente, calquera participación que fora contra das Bases. Coa aceptación das Bases os/as participantes comprenden os términos e condicións das mesmas e comprométese a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación neste extremo, de modo que polo simple feito de enviar a solicitude de participación está prestando o seu consentimento a someterse ás Bases e legalidade de forma total e irrevocable. O incumplimento das bases por parte do participante, independentemente do momento en que se realice, implicará a súa autoexclusión do Concurso e a liberación da Organización de calquera compromiso adquirido co participante.

10. RESERVA DE DEREITOS

A organización resérvase o dereito a cambiar, ampliar ou reducir as datas do calendario do concurso dacordo coas indicacións e o beneplácito da concellería de Xuventude.

ANEXO I
FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN:

MODALIDADE

Marcar cun X

| | |
|--------------------------|----------------|
| <input type="checkbox"/> | Vocalista |
| <input type="checkbox"/> | Instrumentista |
| <input type="checkbox"/> | Danza (Lírica) |
| <input type="checkbox"/> | Danza Urbana |
| <input type="checkbox"/> | Variedades |

| | |
|--------------------------|------------|
| <input type="checkbox"/> | Individual |
| <input type="checkbox"/> | Grupal |

PARTICIPANTE(S):

| NOME | APELIDOS | DNI | IDADE |
|------|----------|-----|-------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

PERSOA DE CONTACTO

NOME E APELIDOS:

E-CORREO:

DIRECCIÓN:

TELF:

Lémbrese enviar o enlace ó video subido a youtube ou plataforma semellante

ANEXO II
AUTORIZACIÓN INDIVIDUAL A PARTICIPAR E CESIÓN DE IMAXES AUDIOS E VIDEOS:

D/DONA. _____ CON
DNI _____ e DON/ DONA _____ CON
DNI _____

COMO PAI / NAI / TITORES/AS DO/A PARTICIPANTE MENOR DE IDADE

_____ CON DNI _____

AUTORIZAN A

O/A menor arriba mencionado/a a:

1. Participar no concurso de Xoves Promesas "O Talentiño".
2. Que a organización poida grabar, fotografar e/ou filmar ás persoas menores participantes e difundir o material dacordo as bases do mencionado certame co fin de divulgación da actividade, así como para a creación dun catálogo web de xoves artistas, e demais termos que figuran nas bases do Certame para o seu correcto desenvolvemento.

Asdo:

*Lémbrese acompañar este documento do DNI FOTOGRAFIADO OU ESCANEADO
de Pai / Nai e/ou Titor/a*